



BASES PARA PARTICIPAR NO CONCURSO "A TARIFA DA LUZ"

PRIMEIRA.- Órgano convocante e obxecto.

- O Instituto Galego do Consumo e da Competencia convoca o concurso no marco da campaña "A TARIFA ELÉCTRICA".

O obxecto da campaña é:

- 1.- Formar dende as idades máis novas a persoas consumidoras informadas e capaces de coñecer os seus dereitos e as distintas fórmulas para defendelos.
- 2.- Potenciar a existencia de persoas consumidoras responsables e concienciadas co medio ambiente e coas dinámicas de consumo máis sostibles e respectuosas co medio ambiente.
- 3.- Impulsar os coñecementos na temática concreta da facturación eléctrica e contribuír a compartir eses coñecementos no ámbito familiar.

SEGUNDA.- Participantes.

Poderá participar no concurso o alumnado de 4º da ESO e de Formación Profesional Básica da comunidade autónoma galega dos centros educativos públicos e concertados.

TERCEIRA.- Duración do concurso.

O concurso desenvolverase no primeiro trimestre do curso escolar 2021-2022. A fase de selección desenvolverase no segundo trimestre do curso escolar 2021-2022.

CUARTA.- Dinámica do concurso.

O alumnado participará no desenvolvemento dunha xornada formativa de 45 minutos impartida por persoal ou técnicos do Instituto Galego do Consumo e da Competencia a todos os centros que voluntariamente desexen participar.

Unha vez realizada a xornada, o alumnado poñerá en práctica os coñecementos adquiridos nesta, analizando unha factura da luz do fogar e rematando cun pequeno informe-proxecto que recolla os consellos e recomendacións concretas para mellorar a factura da luz no fogar.

Entre os proxectos presentados seleccionaranse os 50 mellores traballos:

- 25 entre o alumnado de 4º da ESO
- 25 entre o alumnado de FP Básica

Os proxectos, cuxo contido se axustará ao detallado no documento anexo I, deberán enviarse en formato PDF antes do 30 de decembro ao seguinte enderezo de correo electrónico: concursos.igcc@xunta.gal



QUINTA.- Selección.

Un xurado composto por expertos en materia de consumo elixirá entre os proxectos presentados os 50 mellores:

- 25 de 4º da ESO
- 25 de FP Básica

Os criterios de valoración dos proxectos son os seguintes:

1. A coherencia do traballo realizado cos obxectivos do proxecto: ata un máximo de 2,5 puntos.
2. A calidade e acerto das recomendacións: ata un máximo de 2,5 puntos.
3. A claridade expositiva do traballo/proxecto e deseño do traballo final: ata un máximo de 4 puntos.
4. A calidade gramatical e ortográfica do traballo/proxecto final: ata un máximo de 1 punto.

SEXTA.- Resolución de gañadores.

A decisión do xurado emitirase no segundo trimestre do curso escolar 2021-2022, e o listado do alumnado gañador de 4º da ESO e FP Básica publicarase na web do IGCC <https://consumo.xunta.gal/> e nas redes sociais vinculadas a este (Facebook e Instagram).

De non presentarse proxectos con calidade abondo, os premios poderían declararse desertos.

SÉTIMA.- Premios.

- O alumnado autor dos 50 proxectos gañadores recibirá un bono de 100 euros canxeable en material escolar nas librarías radicadas en Galicia que teñan a condición de PEME.

OITAVA.- Autorizacións.

O centro educativo encargarse de recoller as pertinentes autorizacións para a participación do alumnado no concurso.

E finalmente, a participación neste concurso implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras e os seguintes consentimentos:

- Autorizar ao Instituto Galego do consumo e da competencia a empregar os datos achegados e tratalos coa finalidade de publicitar o resultado do concurso, empregando o seu nome e imaxe, sen que o dito uso lle confira dereito de remuneración ou beneficio ningún.